

Revisou a embalaxe de máis de 90 produtos

EROSKI REDUCIU MÁIS DE 50 TONELADAS DE PLÁSTICO NO 2019 GRAZAS AO ECODESEÑO DOS SEUS ENVASES DE MARCA PROPIA

- As accións implantadas inclúen a eliminación, alixeiramento dos envases, substitución por outros materiais máis respectuosos co medio natural e a eliminación de elementos de sobreenvasado nos envases dos seus produtos
- O obxectivo é revisar todos os envases progresivamente ata chegar ao 100 % deles ecodeseñados no 2025 cumprindo cos criterios ambientais para seren reciclables e reducir o uso de plástico
- EROSKI está a participar esta semana no Basque Ecodesign Meeting, onde expón os seus avances en ecodeseño dos envases dalgúns dos seus produtos

Elorrio, 28 de febreiro do 2020.- [EROSKI](#) avanza no seu compromiso por fomentar unha alimentación máis saudable e durante o 2019 deu un paso máis no ecodeseño dos seus envases e embalaxes de marca propia. O pasado ano revisou máis de 90 envases de marca propia e deu reducido así máis de 50 toneladas de plástico convencional ao ano. As accións implantadas inclúen a eliminación, alixeiramento dos envases, substitución por outros materiais máis respectuosos co medio ambiente e a eliminación de elementos de sobreenvasado, entre outras.

"O noso obxectivo é revisar en base a criterios ambientais o 100% dos nosos envases de marca propia no 2025, para asegurar que son 100% reciclables e reducir un 20% as toneladas de plástico comercializado", afirmou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa. É unha tarefa que levamos realizando desde hai xa uns anos e aínda nos queda moito camiño por percorrer".

Entre as melloras que se levaron a cabo no 2019 destaca a eliminación do envase dalgúns referencias de froita EROSKI Natur para a súa venda por xunto ou a substitución de envases de plástico de orixe fósil por outros materiais de orixe renovable. Algúns exemplos desta última medida son a substitución das bolsas de plástico dun só uso por outras de papel co selo FSC®, a das bandexas de plástico por cartón tamén co mesmo selo en certas referencias de froita e verdura marca NATUR, a dos envases de plástico por estoxos de cartón en cosmética da marca Belle ou a substitución do cartón de leite en Galicia e Baleares polo envase sostible Ecoplus.

Tamén se substituíu o plástico virxe por material reciclado en envases e bandexas de envasado de produtos de marca propia, como no caso da bolsa de caixa, das bandexas de carne e peixe, das bandexas de bolería ou dalgúns referencias de

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

zumos SeleQtia, entre outros produtos. Ademais, eliminouse o sobreenvasado de envases en certos produtos, por exemplo nas tapas de marmelada.

Estas medidas súmanse a outras moitas que se levaron a cabo ao longo do ano pasado, como o cambio das bolsas de caixa, a potenciación da reutilización co uso do táper na carnicería e peixería ou a implantación das mallas na froitería.

Presenza no Basque Ecodesign Meeting

Algún dos produtos ecodeseñados por EROSKI no 2019 estanse a expoñer esta semana no [Basque Ecodesign Meeting](#) que se celebra no Pazo Euskalduna en Bilbao.

No marco das xornadas do Basque Ecodesign Meeting, EROSKI participou na mesa redonda de Alimentación “20 anos de ecodeseño made in Euskadi”, coordinada pola Agrupación industrial de Alimentación e AZTI, onde explicou a promesa da marca EROSKI Natur cun sabor responsable a través da esixencia dunha produción máis sostible dos produtos frescos, garantida con selos como MSC de pesca ou GlobalG.A. P. de agricultura, pero tamén reducindo o impacto ambiental dos seus envases.

EROSKI é socio do [Basque Ecodesign Center](#), unha iniciativa do Goberno Vasco que axunta empresas de distintos sectores para potenciar a revisión dos produtos e envases incorporando criterios ambientais, baseados nunha economía circular e cunha perspectiva de ciclo de vida.

Respecto polo medio natural

EROSKI está fortemente comprometida co respecto ao medio natural e para iso desenvolve diversas iniciativas que teñen como obxectivo minimizar o impacto da súa actividade na contorna na que opera. A comercialización de produtos máis sostibles, o ecodeseño de envases e embalaxes, o uso sostible dos recursos, a redución da súa pegada ambiental, a xestión de residuos seguindo un modelo de economía circular, a preservación da biodiversidade... son imperativos ineludibles que EROSKI recolle nos seus [Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#).